

Que falamos? Vedes que pouco a pouco podemos ir máis á rúa? Moito ánimo que imos avanzando entre todos.

Para o luns 4/05/2020

Esta sesión imos dedicala a facer tres actividades moi sinxelas para traballar a motricidade fina. E isto da motricidade fina é... pois nada máis que os movementos máis delicados e precisos que facemos as persoas co noso corpo. Practica os exercicios 1, 2 e 3 desta páxina web:

<https://eligeeducar.cl/6-actividades-fortalecer-la-motricidad-fina-los-mas-pequenos>

Para o mércores 6/05/2020

Nesta sesión imos cambiar totalmente de actividade. Hoxe toca buscar información sobre xogos tradicionais de Galicia en internet. Bótalle un vistazo a esta web:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1367237289/contido/XOGOS-POPULARES/index.html>

Despois escolle un ou varios que poidas facer na casa e explícallo á túa familia para que poidan xogar unha partida contigo.

Antes de facerlles a explicación lembra apuntar nunha folla os datos máis importantes (nome, que hai que facer, cantos xogan de cada vez, individual ou por grupos, hai turnos, como é o xogo, que temos que conseguir...). Canto máis claro o teñas escrito mellor o vas entender ti e as persoas ás que llo expliques.

Veña, a poñerse as pilas e traballar un pouco, que pronto nos veremos e quero botarlle unha ollada ao que fixestes!